

ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DEL DEPORTE ESPAÑOL PARA O FOMENTO DO DEPORTE E O TURISMO DEPORTIVO EN GALICIA

Madrid, a 24 de xaneiro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, a Secretaría Xeral para o Deporte da xunta de Galicia, representada neste acto polo seu secretario xeral, José Ramón Lete Lasa, en uso das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia, en virtude da disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, de 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E de outra, a Asociación del Deporte Español, en diante ADESP, representada neste acto por José Hidalgo Martín, en su condición de Presidente e representante lega da entidade, constituída o 8 de setembro de 2015 ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e con Número de Identificación Fiscal G-87376364, facendo uso dos poderes de representación que lle outorgan os estatutos da citada entidade.

EXPOÑEN

- I. Que a Xunta de Galicia, conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia (art. 27.22), asume a competencia dobre a promoción deportiva, correspondéndolle á Secretaría Xeral para o Deporte, segundo o disposto no Decreto 76/2017, de 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deporte.
- II. Que a Lei do deporte de Galicia, Lei 3/2012 de 2 de abril, recoñece as especiais funcións que o deporte desenvolve na sociedade, en especial e entre outros, nos ámbitos da

educación, a cultura, a saúde pública, a cohesión social, o desenvolvemento e o respecto ao medio natural, en atención ao cal o deporte considérase de interese público para a Comunidade Autónoma de Galicia (art. 2).

- III. Que entre os principios xerais da política deportiva de Galicia atópase a promoción e difusión do deporte galego nos ámbitos supraautonómicos (art.4.d) da Lei do deporte de Galicia, Lei 3/2012, de 2 de abril.
- IV. Que ADESP é unha asociación conformada por federacións deportivas españolas que ten por finalidade o colaborar na posta en marcha e desenvolvemento de proxectos vinculados ao deporte que supoñan un beneficio para o deporte español; ademais de ser interlocutores e colaboradores das institucións públicas para promover e canalizar proxectos de interese social e que poidan ter no deporte unha ferramenta para o desenvolvemento de proxectos transversais.
- V. Que ADESP está en disposición, conforme aos seus propios estatutos, para alcanzar ou subscribir todo tipo de acordos e convenios con calquera persoa e entidades, públicas e privadas, de todo ámbito territorial para lograr a finalidade descrita no apartado precedente.

De conformidade co exposto, as partes acordan subscribir o presente acordo, o que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente acordo ten por obxecto establecer un marco de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Asociación del Deporte Español no obxectivo común xeral de fomentar o deporte en Galicia e, en particular, o turismo deportivo na Comunidade Autónoma. Esta colaboración realizarase principalmente a través da Oficina de Desenvolvemento Internacional del Deporte Español, recollida baixo a marca *“Spain Sports Global”* que ten como eixo principal de actuación a captación de eventos deportivos internacionais con grande capacidade de promoción deportiva e turística.

Deste xeito, o presente acordo será o marco xeral de actuación para a realización de accións que melloren o deporte galego en xeral, e o posicionamento de Galicia por medio da

captación de expertos internacionais nos ámbitos do adestramento e a xestión deportiva, así como tamén a través da internacionalización de deportistas, adestradores, árbitros e directivos do deporte de Galicia.

Os termos e condicións concretas das accións xurdidas ao amparo do presente marco de colaboración requirirán do acordo unánime das partes mediante a subscripción da correspondente addenda.

SEGUNDA.- Compromisos das partes

Na finalidade de alcanzar o obxecto do presente acordo marco, as partes asinantes comprométense a:

- a) Establecer unha mesas de diálogo permanente o fin de xerar unha comunicación fluída para a mellora do posicionamento de Galicia como destino de turismo deportivo.
- b) Procurar o desenvolvemento de proxecto que teñan no deporte e no turismo o seu eixo vertebrador.
- c) Facilitar a relación entre as federacións deportivas galegas e as federacións deportivas españolas co obxectivo de organizar eventos deportivos internacionais en Galicia.
- d) Promover a realización en Galicia de reunións e visitas de executivos.
- e) Apoiar e aproveitar as oportunidades que o deporte e o turismo deportivo ofrecen para o crecemento económico e social de Galicia.
- f) Favorecer a participación de deportistas, adestradores, xuíces árbitros e directivos das entidades deportivas de Galicia en accións de adestramento e competición noutros países. No marcos deste compromiso priorizaranse aquelas especialidades e modalidades deportivas nas que Galicia teña unha contrastada experiencia internacional para favorecer a exportación da metodoloxía de adestramento, competición e xestión do deporte galego.
- g) Procurar, así mesmo, a chegada a Galicia de delegacións internacionais conformadas por membros de alto nivel, naquelas especialidades e modalidades deportivas ás que se refire a letra anterior.
- h) Deseñar e organizar un foro de promoción do turismo deportivo en Galicia que sirva de punto de encontro profesional entre os sectores deportivo e turístico.

- i) Facilitar a comunicación entre as partes asinantes do presente convenio e as entidades deportivas de Galicia.

Para o mellor posicionamento de Galicia como destino de turismo deportivo priorizaranse as accións naquelas especialidades e modalidades deportivas con gran capacidade de atracción turística. Así mesmo terán unha atención principal aquelas especialidades e modalidades deportivas que poñan en valor os recursos naturais diferenciadores de Galicia como destino de natureza e deporte.

TERCEIRA.- Publicidade do acordo

O presente acordo cumprirá o réxime de publicidade establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información dobre convenios, e os artigos concordantes da Lei 19/2013, de 09 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Así mesmo, procederase á súa inscrición no Rexistro de Convenios, de conformidades co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e no citado artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro.

CUARTA.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente acordo, créase unha Comisión paritaria de seguimento que actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e que se reunirá, a lo menos, unha vez ao ano e tamén a petición de calquera das partes. A Comisión encargárase igualmente de dirimir os conflitos ou controversias que puideran xurdir no curso da execución, aplicación ou interpretación deste acordo marco.

QUINTA.- Relación entre as partes

A subscrición do presente acordo non leva obrigas económicas nin relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que va desenvolver as actividades tanto coa Secretaría Xeral para o Deporte como coa Asociación del Deporte Español, de tal forma que non se poderá exixir ningún tipo de responsabilidades, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos que xurdan durante o desenvolvemento do mesmo.

SEXTA.- Resolución

O presente acordo extínguese polo cumprimento do seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia establecido na cláusula seguinte.
- b) O acordo unánime das partes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora nun requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable da Comisión de seguimento do acordo. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o acordo.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no acordo ou noutras leis.

SÉTIMA.- Duración

O presente acordo terá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

OITAVA.- Natureza e réxime xurídico

Mediante a sinatura do presente acordo, as partes comprométense a resolver de mutuo acordo as incidencias poidan xurdir durante a súa vixencia. O presente acordo ten natureza administrativa e, como tal, está excluído do ámbito de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, anque se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

O presente acordo rexerase polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais de Dereito Administrativo. AS cuestións litixiosas que xurdan entre as partes durante o seu desenvolvemento e execución, e que non se poidan resolver pola Comisión de

seguimento prevista na cláusula cuarta, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E, en proba de conformidade con termos do presente acordo marco, as partes comparecentes rubricano e formalizan por triplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O SECRETARIO XERAL
PARA O DEPORTE

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN
DO DEPORTE ESPAÑOL

José Ramón Lete Lasa

José Hidalgo Martín